

## MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CONTRA O VETO DA UE Á PESCA DE FONDO

O Grupo Municipal do Partido Popular no concello de Carballo de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de **MOCIÓN:**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 19 de setembro asistíamos con asombro á publicación no Diario Oficial da UE do *REGLAMENTO DE EJECUCIÓN (UE) 2022/1614 DE LA COMISIÓN de 15 de septiembre de 2022 por el que se determinan las zonas de pesca en aguas profundas existentes y se establece una lista de zonas en las que se conoce la existencia de ecosistemas marinos vulnerables o la posibilidad de que existan*, que entrará en vigor en 20 días.

Esta decisión unilateral foi tomada sen ter falado cos Estados nin co sector. Así, a directora xeral Asuntos Marítimos e Pesca (DG Mare) da Comisión Europea na súa visita a Galicia do pasado mes de xullo comprometerase a revisar a medida con máis datos e informes, cousa que non fixo.

É totalmente indignante e un despropósito que Bruxelas vete a pesca de fondo atendendo unicamente aos aspectos medioambientais e non aos científicos nin socioeconómicos.

Só en Galicia, esta prohibición afecta a arredor de 200 barcos de capital galego de xeito directo e o seu impacto potencial podería chegar a un milleiro de buques, ben polo solapamento de zonas de pesca ou pola futura ampliación desta prohibición.

Sempre defendemos que todas as artes de pesca son respectuosas co medio ambiente se se usan ben. Medidas coma esta, arbitrarias e sen base científica, poñen en risco o futuro da frota e poden supoñer unha importante perda de buques, empregos e alimentos de calidade.

O 20 de setembro o Goberno Galego mantiña unha reunión co sector e con xuristas expertos para analizar o posible recurso e ver o xeito máis efectivo de actuar contra este veto para defender os intereses da frota.

Así, o Goberno galego urxe a construír unha posición sólida a nivel nacional contra o voto á pesca de fondo e compromete o seu apoio aos distintos recursos xudiciais que se presenten.



É fundamental unha resposta xudicial estatal dado que se trata dun asunto que prexudica tamén a outras comunidades, non só a Galicia.

Esta cuestión foi trasladada polo presidente da Xunta ao Executivo do Estado e foi exposta o 21 de setembro na reunión co sector e a Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Carballo propón neste pleno que se adopte o seguinte acordo:

O Concello de Carballo acorda dirixirse á Xunta de Galicia co obxecto de que:

1. Apoie tanto o imprescindible recurso do Goberno de España diante da decisión da Comisión Europea de vetar á pesca de fondo, como todas aquellas medidas legais que adopten as empresas armadoras pola súa conta.
2. Reitere ao Goberno de España a urgente necesidade de solicitar da Comisión Europea que rectifique e anule o novo Regulamento UE 2022/1614 da Comisión, de 15 de setembro de 2022, polo que se determinan as zonas de pesca en augas fondas e se establece unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan, que entrará en vigor a comezos de outubro deste ano.

Carballo, 19 de outubro de 2022.



Fdo. Rubén Lorenzo Gómez

Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular de Carballo